

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS, QUE HAN DE REXER A SUBMINISTRACIÓN DE GASOLINAS E GASÓLEO A e C PARA PARQUE MÓBIL E CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE DOS EDIFICIOS, DE TITULARIDADE MUNICIPAL E DO C.E.E. INFANTA ELENA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, DIVIDIDO EN DOUS LOTES (EXP.002-SUBM16).**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO.-**

O obxecto do presente contrato é a subministración de combustible con destino aos vehículos, maquinaria e edificios de titularidade municipal do Concello de Monforte de Lemos e do C.E.E. Infanta Elena, a medida que as necesidades da Corporación o demanden e de conformidade co contido do presente Prego de Condicións Técnicas.

Os vehículos poderán ser tanto de titularidade municipal como contratados polo Excmo. Concello de Monforte de Lemos polo sistema de leasing, renting ou contratos de similares características.

Os principios que se perseguen coa presente contratación son:

- Conseguir o máximo aforro económico no prezo de compra por litro de carburante ou combustible fornecido ao Concello de Monforte de Lemos.
- Mellorar a prestación do servizo de reposición ou recarga.
- Mellorar os mecanismos de información e control a través da facturación.

Debido ás peculiaridades das subministracións, procede a súa división en dous lotes

**LOTE 1: SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL.**

**LOTE 2: TRANSPORTE E SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS SISTEMAS DE CALEFACCIÓN DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS E DO C.E.E INFANTA ELENA.**

Exclúese do obxecto do contrato a subministración de combustible a vehículos cuxa necesidade xurda en viaxes ou traxectos fora do termo municipal de Monforte de Lemos nos que resulte imposible a subministración na/s estación/é designada/s polo adxudicatario.

**2.- PRODUTOS A SUBMINISTRAR.-**

**2.1.- Tipos de combustibles a subministrar.-**

**LOTE 1:**

Nos diferentes puntos de distribución, a empresa adxudicataria deberá garantir polo menos a subministración dos seguintes tipos de combustible:

- Gasolina sen chumbo 98º octanos,
- Gasolina sen chumbo 95º octanos,
- Gasóleo de automoción (clase A)

## **LOTE 2:**

### **- Gasóleo de calefacción (clase C)**

Os produtos obxecto da licitación non serán diferentes ou distintos daqueles que se expendan nas estacións de servizo para o seu consumo en xeral, nin incumprirán as normas ou preceptos legais específicos que permitan a súa venda normal ao público.

#### **2.2.- Características técnicas dos produtos a subministrar.-**

Os produtos obxecto da licitación non serán diferentes ou distintos daqueles que se expendan na estación de servizo ou se subministren a domicilio para o seu consumo xeral, non incumprirán as normas ou preceptos legais específicos que permiten a súa venda e subministración normal ó público.

Todos os produtos a subministrar axustaranse en todo momento as especificacións técnicas de automoción, gasóleos agrícolas, gasóleos de calefacción e das gasolinas previstas no RD. 61/2006, de 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuelóleos e gases licuados de petróleo, así como no RD. 1088/2010, de 3 de setembro, polo que se modifica o RD. 61/2006, de 31 de xaneiro, no relativo ás especificacións técnicas de gasolinas, gasóleos, utilización de hidrocarburos e contido de azufre dos combustibles para uso marítimo.

De igual forma deberán axustarse ó resto de especificacións legais vixentes de aplicación, así como a toda a normativa que regule estas subministracións na que se fixen especificacións de combustible en concordancia coas da Unión Europea. Se se producisen novas modificacións do RD. 61/2006, de 31 de xaneiro, sobre a calidade dos combustibles durante a vixencia do contrato, a empresa subministradora axustará a calidade destes á lexislación vixente en cada momento, sen que elo se poida considerar unha modificación do contrato e polo tanto, da forma de establecer o prezo dos combustibles.

Garantírase que os combustibles subministrados non fosen mixturados con outro tipo de produtos que puideran perxudicar o funcionamento dos vehículos, maquinaria, instalacións de calefacción e outros equipamentos municipais.

Non se admitirá baixo ningún concepto que a calidade dos carburantes obxecto do contrato poidan afectar negativamente o funcionamento dos vehículos e instalacións, nin a súa seguridade e/ou ao medio ambiente.

O Concello de Monforte de Lemos resérvase a potestade de realizar ensaios de control da calidade dos produtos subministrados con cargo á empresa adxudicataria sempre que o considere oportuno, cun máximo de un ensaio anual, ou ben, de esixir a acreditación da trazabilidade do combustible, co fin de garantir o cumprimento dos parámetros de calidade ofertados polo licitador e esixidos pola normativa vixente.

### **3.- REQUISITOS MÍNIMOS DO SUBMINISTRADOR.-**

O subministrador debe cumprir como mínimo, os seguintes requisitos xerais:

- Os subministradores deberán cumprir as obrigacións derivadas do RD. 1523/1999, de 1 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado por Real Decreto 2085/1994, de 20 de outubro, e as instrucións técnicas complementarias MI-IP03, aprobada polo RD. 1427/1997, de 15 de setembro, e MI-IP04, aprobada polo RD. 2201/1995, de 28 de decembro.

- A empresa adjudicataria axustarase, con carácter xeral, e en todo momento á lexislación vixente en todo o referente a normas de protección e/ou seguridade exixibles en relación coa subministración do pedido.
- O adjudicatario deberá posuír os medios materiais e persoais necesarios, así como as autorizacións precisas para realizar a reposición de vehículos no caso do Lote 1 ou do transporte de gasóleos, de acordo coa normativa vixente sobre Transporte de Mercadorías Perigosas por Estrada, no caso do Lote 2.
- Serán ao seu cargo cantas responsabilidades puidésense derivar da reposición ou transporte até o momento do depósito completo do combustible nos correspondentes tanques do Concello de Monforte de Lemos e do C.E.E Infanta Elena, depósito que deberá realizarse coas debidas garantías de seguridade.
- O adjudicatario será igualmente responsable de cantos danos ao Concello de Monforte de Lemos ou a terceiros poidanse producir na reposición ou a descarga do combustible ou por efecto directo da calidade do produto fornecido imputable á Empresa adjudicataria ou aos seus empregados na execución do contrato.
- Deberá acreditar que ten contratado e en vigor un seguro de responsabilidade civil de explotación para facer fronte ás reclamacións, por responsabilidade civil, feitas por terceiros cunha cobertura mínima por importe de 300.000,00 euros.
- O adjudicatario comprométese a cumprir e adaptarse a todo o que sexa de obrigado cumprimento durante o tempo que dure o contrato, tanto en España como no resto da Unión Europea en materia de Prevención de Riscos Laborais e demais Regulamentacións específicas achega do transporte, manipulación, reposición ou descarga, operarios, etc., en relación aos diferentes combustibles.
- Ademais para o lote 2 o condutor do camión que forneza o Gasóleo C estará suficientemente formado nos labores de transporte, manipulación e descarga, de forma que poida prestar apoio na realización destes traballos.
- O adjudicatario comprometerase a ter asegurados a todos os seus traballadores que presten este servizo, cubrindo incluso a responsabilidade civil que calquera accidente puidese ocasionar, así como dotar ás persoas que executen o servizo de subministración de todos os medios materiais referidos a Seguridade e Saúde Laboral que ordena a lexislación vixente.
- Os vehículos, máquinas, equipos técnicos, útiles e ferramentas que, no seu caso, deba achegar a empresa adjudicataria, deberán estar homologados pola Unión Europea, cumprindo todos os requisitos legais establecidos.

#### **4.- LOTE 1: REALIZACIÓN DE REPOSICIÓN.**

A empresa adjudicataria emitirá unha tarxeta por cada vehículo, que só poderá utilizarse co mesmo, coa cal estes poderán repostar na/s estación/s de servizo correspondente.

Coa devandita finalidade, o Concello de Monforte de Lemos comunicará á empresa adjudicataria a relación de matrículas, marcas e modelos dos vehículos municipais autorizados a encher, e comunicará, igualmente, as altas e baixas de vehículos na subministración de combustible, no seu caso.

A empresa adjudicataria soamente subministrará combustible a vehículos cuxo condutor presente unha tarxeta de crédito cuxo número coincida co da matrícula oficial do vehículo, debendo figurar inexcusablemente a matrícula do vehículo nos correspondentes tickets.

- Número da factura ou ticket.
- Nome, razón social, domicilio e NIF do establecemento subministrador.
- Estación de servizo e localización.
- Identificación do vehículo (matrícula)
- Identificación dos condutor
- Quilómetros do vehículo
- Data e hora do fornezo
- Tipo de combustible fornecido
- Cantidade de litros fornecidos e prezo por litro venda ao público (impostos incluídos)
- Desconto aplicado
- Importe total da subministración efectuada (impostos incluídos)

Todos os tickets deberán estar asinados polo condutor do vehículo para que sexan admitidos.

En ocasións puntuais e coa previa autorización do Concello, fornecerase combustible “a granel” para atender as necesidades de determinada maquinaria de man. Esta subministración de gasolina ou gasoil “a granel” para atender as necesidades da maquinaria de man: moto serras, corta-setos..., farase unicamente a persoas que presenten a súa identificación como empregados do Concello de Monforte de Lemos e una autorización expresa.

O Concello de Monforte de Lemos unicamente farase cargo das subministracións realizadas nos vehículos ou maquinaria autorizada e cuxos tickets ou albaráns estean debidamente cumprimentados e asinados e sexan remitidos ao departamento correspondente.

## **5.- LOTE 2: REALIZACIÓN DE PEDIDOS DE COMBUSTIBLE DE CALEFACCIÓN.**

Os pedidos de gasóleo C serán realizados unicamente pola persoa designada para iso polo Concello de Monforte de Lemos, mediante correo electrónico ou en casos de urxencia mediante chamada telefónica á persoa designada na empresa.

Por tal motivo, o adxudicatario deberá dispor dun servizo personalizado de recepción de pedidos, avisos e consultas, mediante teléfono ou correo electrónico, que deberá atender como mínimo en horario de 9:00 a 14:00 horas.

A hora e data do documento ou da chamada será o de petición do combustible para todos os efectos.

O prazo máximo desde que se solicita a subministración até a descarga do produto non excederá de vinte e catro horas para pedidos ordinarios e de catro horas en caso de pedidos de urxencia; a contar desde o momento do pedido e tendo en conta unicamente días laborables.

O prazo de entrega deberá ser rigorosamente respectado. O incumprimento reiterado, poderá ser causa de resolución do contrato.

Será preceptivo antes da descarga de cada pedido de combustible o aviso ao responsable do centro con 2 horas de antelación como mínimo, para evitar posibles inconvenientes

O combustible será transportado e descargado polo adxudicatario en camións cisterna, homologados polo Ministerio de Industria e Enerxía, dotados de contadores calibrados de modo

que se emitirá un ticket dos litros descargados en cada entrega. Os contadores deberán estar precintados polo Organismo competente.

As entregas realizaranse no lugar e na cantidade que se indique no documento de petición, respectando as normas establecidas na cidade para carga e descarga.

No entanto, no caso de que o Concello de Monforte de Lemos proceda a realizar cambios que impliquen outros tipos de combustible, este non estará obrigado a continuar coa subministración de Gasóleo C nos devanditos Centros.

As cantidades que se soliciten por entrega serán aproximadas, facturándose unicamente a cantidade realmente servida en cada subministración.

Entenderase efectuado a subministración cando o produto estea depositado nos depósitos dos diferentes edificios. Recollerá mediante albarán asinado polo representante do centro, a conformidade á subministración así como a data e hora da descarga. Devandito albarán achegarase á correspondente factura.

Calquera gasto derivado da carga, transporte, entrega e devolución serán por conta do adxudicatario, do mesmo xeito que a solicitude de todos os permisos correspondentes e todo o referente a normas de protección e/ou seguridade exixibles en relación coa subministración do pedido.

## **6.- LUGAR DE ENTREGA.-**

### **LOTE 1:**

A reposición realizarase dentro do termo municipal do Concello de Monforte de Lemos, na/s Estación/s de Servizo designadas ao efecto pola empresa adxudicataria.

### **LOTE 2:**

A subministración de gasóleo de calefacción realizarase nos depósitos existentes nos edificios municipais e no C.E.E. Infanta Elena, sen prexuízo de que dita relación poida aumentarse ou reducirse en función do uso do edificio.

## **8.- PREZOS DO COMBUSTIBLE.-**

O prezo das gasolinas de 95 e 98 octanos, e gasoil de automoción, será o do prezo de venda ó público, impostos incluídos, da estación de servizo ou aparato surtidor no que se efectúa a subministración e conste no ticket de repostado, que en ningún caso poderá ser superior ao aprobado polo Ministerio en cada momento.

O prezo do gasóleo C “Calefacción” será o prezo de referencia semanal do combustible publicado no Boletín Petrolero da Dirección Xeral de Enerxía e Transportes da Comisión Europea no momento en que se realicen as solicitudes de subministración ao longo da duración do contrato.

Os descontos que se ofrezan serán fixos e non poderán revisarse durante o prazo de vixencia do contrato, así como na prórroga que, no seu caso autorícese.

No caso de que por parte da empresa adxudicataria levase a cabo calquera promoción dos seus produtos mediante descontos especiais superiores á oferta presentada neste concurso, aplicarase, automaticamente e durante o tempo da mesma, o desconto da devandita promoción, sempre que



---

en virtude desta o prezo a abonar polo Concello de Monforte de Lemos resulte inferior ao fixado como consecuencia do presente concurso.

Monforte de Lemos, 10 de febreiro de 2016,

**Conforme,**

O Concelleiro Delegado,

A Enxeñeira Técnico Municipal,

José Luis Losada Fernández

Antía Nieves Rodríguez.